

ACTA

Nº 44 Ano 2015.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúñese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas D, no Edificio Administrativo de San Caetano, sendo as 11,10 horas do día 19 de marzo de 2015, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Pablo Diaz Vazquez	S.X. Presidencia	4.49.00
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.35
María Coutinho Villanueva	D.X. Traballo e Econ. Soc.	4.47.71

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	698-163-636
Pablo Rama Remuiñán	CSI-F	881-542-850
Mª Jose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten asímesmo Arturo Pintos Novo e Mª Teresa Perez Gallardo, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e Jose Acuña Vilas, por Mugatra.

Dase a benvida a María Coutinho Villanueva, coma nova integrante deste Comité, en representación da C^a de Traballo.

1- Lectura e aprobación da última acta:

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da anterior xuntanza.

2.- Presentación e debate da memoria das actividades preventivas, realizadas no 2.014, pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia.

Pásase o debate por apartados, da memoria presentada:

- a) **Organización da Prevención.**- CSIF solicita que xunto con esta memoria, acompañese a de Mugatra. A Admón. comenta que esta é unha memoria onde reflíctese conxuntamente, o traballo desenvolvido tanto polo Servizo de Prevención coma por Mugatra. Non existe ningún problema para anexar a esta memoria, unha específica da actividade realizada polo Servizo de Prevención contratado. CCOO fai constar que debese incluir no primeiro gráfico a Vicesecretaría existente, xa que ten competencias nesta materia. A Admón. manifesta que incluirá a mesma.
- b) **Xestión da Prevención.**- A Admón. informa que xa está en marcha o sistema informático que permite, a maior brevidade, que o persoal reciba o resultado da vixiancia da saúde. Respecto dos resultados do recoñecemento xinecolóxico, cando acúdase a sua realización, daráselle a traballadora un usuario e un contrasinal telemático, a través do que recibirá dito resultado. CIG solicita que se lle dé maior visibilidade na intranet o enlace da vixiancia da saúde. A Admón. manifesta que falará co Departamento de Informática para mellorar a accesibilidade.
- c) **Accidentalidade.**- A Admón. e consciente do aumento no número de sinistros, e destaca en canto o aspecto positivo, a mellora habida na Consellería de Medio Rural e do Mar, pola actividade preventiva que están realizando. Respecto dos accidentes mortais e moi graves que acordaronse debatir neste Comité, o non facelo no momento en que ocurrieron, dasé agora unha pequena información, comprometéndose para que en futuras reunións traiganse a debate, a reunión immediata o seu suceso. CSIF solicita que se retire o comentario que se fai do segundo gráfico da pax. 14, por innecesario. A Admón. manifesta que acepta a retirada. CIG comenta que o maior número de sinistros laborais danse en Benestar, debido fundamentalmente a falla de inversión e polo tanto, de medios humáns e materiais para desenvolver o traballo. UGT manifesta que o incremento da sinistralidade é debido en gran medida o aumento do traballo, tanto en duración coma en intensidade, e a reducción dos descansos. Tamen solicita a inclusión da estatística dos accidentes sen baixa, desagregados por Consellería. A Administración manifesta que non dispón deses datos, xa que Mútua Gallega tampouco leva conta deles. CCOO solicita unha maior efectividade no dispositivo de prevención, que nos retraiga a senda de reducción de sinistros que tivemos ata o ano 2.010, e remate con esta tendencia negativa, que o ano pasado supuxo un incremento de accidentes laborais, do 12,67%. Tamen indica que a meirande parte dos accidentes suceden no centro de traballo, polo que de novo solicitamos unha atención específica das medidas correctoras que teñen que implantarse nos mesmos, para evitar continxencias profesionais. Considera ademais positiva a evolución no número de sinistros investigados
- d) **Avaliación de riscos.**- CSIF considera que habería que facer medicións sobre a presencia de gas radón no Complexo San Caetano. A Admón. manifesta que non existen motivos que xustifiquen a elaboración dun informe sobre esta cuestión.
- e) **Vixiancia da Saúde.**- A Admón. manifesta que realizaronse un total de 9.123 recoñecementos e presenta coma novidade varios gráficos, onde reflíctense tamen as avaliacións de posto de traballo feitas. A parte sindical fai constar que as probas que se realizan nos recoñecementos, dependen en demasia do profesional que as fai, polo que consideramos que debería existir unha

mellor aplicación práctica dos protocolos. Mugatra comenta que intentará mellorar a comunicación entre os profesionais, para que realicen na sua integridade as probas requeridas e trasladen posibles disfuncións que poidan xurdir na sua realización. CSIF comenta por exemplo, que dos 1.239 recoñecementos realizados a persoal de Traballo e Benestar, so a 52 persoas aplicaronse o protocolo de traballo a quendas. A parte sindical expresa o seu desacordo co recorte na realización de mamografías e ecografías. Mugatra manifesta que fai estas probas, sempre que o xinecólogo soliciteo, coma complemento da sua exploración, xa sexa por conveniencia debido o seu historial e antecedentes, ou por sospeita diagnóstica, independentemente da idade da traballadora. Para as maiores de 50 anos infórmassellos que existe un programa da propia Xunta de Galicia, para a detección precoz do cáncer de mama, que conleva a realización de mamografías cada dous anos.

- f) **Formación.-** Non houbo comentarios.
- g) **Participación.-** A parte sindical advirte de que a porcentaxe de reunións dos diferentes comités, sigue sendo baixa, debido sobre todo a que hai varios comités que non se reuniron en todo o ano. A Administración manifesta que insistirá ante os responsables para que convoquen as reunións.
- h) **Medidas de Emerxencia.-** A parte sindical solicita que se solucionen os problemas que danse nalgúns centros o facer a formación, fora de horas de traballo. A Admón. comenta que se lle trasladen estas posibles situacións, para buscarlle solución.

4.- Rogos e Preguntas.-


CIG pregunta onde pertence o persoal do Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra. A Admón. resposta que o persoal dependente da Secretaría Xeral para o Deporte, está adscrito a efectos preventivos, o Comité do Edificio Administrativo onde teñan o seu centro de traballo.

CCOO pregunta sobre cando vaise convocar a xuntanza, para debatir o procedemento de acoso e as propostas de modificación presentadas. A Admón. manifesta que próximamente convocarase unha reunión da Comisión Paritaria de seguimento do acordo en materia de prevención de riscos laborais, para ter dito debate.

CSIF pregunta sobre cando vaise pasar información sobre as pólizas de seguro dos vehículos oficiais, para poder ter o debate comprometido. A Admón. manifesta que dado que tratase dunha competencia que leva o Presidente, na próxima xuntanza falarase.

Levántase a sesión sendo as 13,15 h.

Vº Bº O PRESIDENTE



PABLO DIAZ VAZQUEZ

Vº Bº O SECRETARIO



EDUARDO FREIRE POUSA

